



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

## BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE MAIO DE 2016

### ASISTENTES:

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### CONCELLEIROS/AS:

D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN

D.<sup>a</sup> LAURA PIÑEIRO MONTES

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY

### SECRETARIO:

D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ

No salón de sesións desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día trece de maio de dous mil dezáseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D. David Rodríguez Sanmartín e D. Antonio Rodríguez Meizoso.

## 1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE ABRIL DE 2016

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e oito de abril de dous mil dezáseis.

Non se formulando ningún tipo de alegación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº2/2016. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ao Pleno da Corporación da redacción do expediente de modificación de créditos nº 2/2016, pola modalidade de suplemento de crédito e xeración de crédito con cargo a novos e maiores ingresos por importe de 87.138,10 € que contempla os seguintes apartados:

1. Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para a atención a visitantes e actividades culturais no Mosteiro de Caaveiro por importe de 70.000 €, xeración de créditos na partida 2016.334.22799 e suplemento de crédito na partida 2016.432.227,99 €
2. Subvención da Deputación Provincial para cursos de informática e mecanografía con suplementos de crédito na partida 2016.326.22799, por importe de 2397,50€.
3. Subvención da Deputación Provincial para a XXVIII Festa do Requeixo, suplemento de crédito na partida 2016.338.22699 por importe de 4093€.
4. Subvención da Deputación Provincial para atención a visitantes no Portal das Fragas do Eume suplemento de crédito na partida 2016.432.2279, por importe de 3.201€.
5. Subvención da Deputación Provincial para a reparación do albergue do Barreiro, suplemento de crédito na partida 2016.432.21200 por importe de 5394,60€.
6. Subvención da Deputación Provincial para Escolas deportivas, día da bicicleta, deporte na rúa e carreira popular, suplemento de crédito na partida 2016.341.22799 por importe de 2.052€.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntase qué obra de reparación se vai facer no albergue do Barreiro, e se na solicitude de subvencións a Deputación non ten que ir definido o obxecto da subvención?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que no albergue do Barreiro o que se vai facer é o pintado exterior do edificio e que as solicitudes de subvencións feitas á Deputación fanse de acordo coas Bases aprobadas pola mesma Deputación e publicadas no BOP, pregunta así mesmo o voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy polas subvencións dos cursos de informática e mecanografía, atención a visitantes e escolas deportivas, día da bicicleta. Deporte na rúa e carreira popular sobre se o importe de subvención total é o que figura no expediente de modificación de créditos.

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que para a subvención dos cursos de informática e mecanografía, escolas deportivas, día da bicicleta e

XXVIII Festa do Requeixo o que figura no expediente son maiores ingresos sobre os previstos no orzamento para o exercicio 2016.

Dí o voceiro do Grupo Mixto – PP que entón na memoria da Alcaldía debía facerse referencias ás subvencións totais por programa.

Polo Secretario da Corporación comentase que no expediente individualizado de cada programa de subvención consta a Resolución provisional e definitiva das cantidades outorgadas pola Deputación Provincial da Coruña para cada programa.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu grupo está a favor de incorporar ao orzamento Municipal para o exercicio 2016 as subvencións outorgadas pola Deputación Provincial da Coruña obxecto do expediente de modificación de créditos número 2/2016.

Sometido o asunto a votación, o pleno da Corporación por unanimidade dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión adopta o seguinte acordo:

1. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 2 por importe de 87.138,10€, que contempla suplementos de crédito e xeración de créditos con cargo a novos e maiores ingresos, de acordo co seguinte cadro:

<b>CAPITULO</b>	<b>CONSIG. INICIAL</b>	<b>XERAC. CRÉDITOS CON CARGO A NOVOS INGRESOS</b>	<b>SUPLEM. CRÉDITO CON CARGO A NOVOS INGRESOS</b>	<b>TOTAL CONSIGNAC. RESULTANTE</b>
<b>I Gastos de persoal</b>	<b>345.677,10€</b>			<b>345.677,10€</b>
<b>II Gtos. Bens Correntes</b>	<b>635.615,69€</b>	<b>40.270,00€</b>	<b>46.868,10€</b>	<b>722.753,79€</b>
<b>III Gtos Financieros</b>	<b>0,00€</b>			<b>0,00€</b>
<b>IV Transf. Correntes</b>	<b>28.000,00€</b>			<b>28.000,00€</b>
<b>VI</b>				

<b>Investimentos reais</b>	<b>383.059,64€</b>			<b>383.059,64€</b>
<b>VII Transf. Capital</b>	<b>0,00€</b>			<b>0,00€</b>
<b>VIII Activos Financieros</b>	<b>0,00€</b>			<b>0,00€</b>
<b>IX Pasivos Financieros</b>	<b>0,00€</b>			<b>0,00€</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.392.352,43€</b>	<b>40.270,00€</b>	<b>46.868,10€</b>	<b>1.479.490,53€</b>

2. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.
3. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas trinta e cinco minutos, de todo o cal, eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

**Manuel Meizoso López**

**O Secretario,**

**José Antonio Meizoso Paz.**